



XXII CROSS ESCOLAR CEP RIOMAIOR

A ANPA do CEP Plurilingüe de Riomaior, en colaboración co Claustro de Profesores e do Concello de Vilaboa pon no seu coñecemento que o **domingo 28 de Abril** a partir das **10:00h da mañá** celebrará o XXII Cross escolar.

Convidamos a todos os alumnos e alumnas do seu Centro a participar neste evento.

PROBAS

CATEGORÍAS	ANO DE NACEMENTO
3 AÑOS	2021
4 ANOS	2019/2020
5 ANOS	2017/2018
MINIBENXAMÍN	2015/2016
BENXAMÍN	2013/2014
ALEVÍN	2011/2012
INFANTIL	2009/2010
POPULAR	1964/2008

- En tódalas categorías estableceranse dúas probas: unha masculina e outra feminina.

INSCRIPCIÓNS

E-Mail: anpa.riomaior@gmail.com ou no cep.riomaior@edu.xunta.es

Formato: arquivo excel

Data límite: 22 de abril.

Por motivos de organización necesitamos saber o número de participantes con anticipación, só en casos excepcionais e debidamente xustificados deixaremos inscribirse o mesmo día da carreira.

Anexamos un arquivo de Excel coa finalidade de facilitar as inscricións. Para poder puntuar por equipos, o número mínimo de atletas participantes será de 15 para centros de Ed. Primaria e 10 para centros da ESO.

POR FAVOR INDIQUEN SE ALGUN NENO/A PRESENTA ALGUNHA ALERXIA ALIMENTARIA

DORSAIS



Cada centro participante deberá traer cubertos os seus dorsais (**non de pegar**) co número asignado, o nome do alumn@, e categoría na que participa.

Todos os centros deberán designar un responsable ou delegado que acompañe ós participantes no día do evento.

HORARIO DAS PROBAS E ORDE DE SAÍDAS

As probas darán comezo as **10h.** da mañá do domingo 28 de abril. Os delegados dos centros poderán confirmar a composición dos seus equipos na Secretaría ata 30 min. antes do comezo da competición.

CATEGORÍA	HORARIO APROXIMADO	DISTANCIA APROXIMADA
BENXAMÍN FEMININO	10:00	600 m.
BENXAMÍN MASCULINO	10:10	600 m.
MINIBENXAMÍN FEMININO	10:20	400 m.
MINIBENXAMÍN MASCULINO	10:30	400 m.
3, 4 E 5 ANOS	10:45	100m, 150m e 200 m.
ALEVÍN FEMININO	11:10	800 m.
ALEVÍN MASCULINO	11:20	800 m.
INFANTIL FEMININO	11:30	1000 m.
INFANTIL MASCULINO	11:45	1000 m.
POPULAR FEMININO	12:00	1400 m.
POPULAR MASCULINO	12:00	2000 m.

CLASIFICACIÓNS

Estableceranse dúas clasificacións:

- Individual**, facendo figurar a tódolos atletas segundo a súa orde de chegada.
- Por equipos**, sumando os puntos obtidos polos 4 atletas mellor clasificados, resultando vencedor o equipo que menos puntos acade. A Carreira Popular non puntuará nesta clasificación.

OUTRAS NORMAS XERAIS

- Á Secretaría só se poderán dirixir os/as delegad@s de cada Centro.
- Quedarán anuladas as probas nas que non se acade, o día anterior, un mínimo de 6 participantes por categoría.
- Os delegad@s dos Centros serán responsables da seguridade dos seus atletas, estean ou non afiliados ó Seguro Deportivo.
- Ao lugar de saída só poderán acceder os atletas 5 min. antes do comezo da proba ao seren chamados por megafonía.



- Os/As atletas poderán cambiarse nos vestiarios do Pavillón de Riomaior. A Organización non se responsabiliza dos obxectos ou vestimentas depositados nos mesmos.
- Os /As delegad@s deberán velar porque os seus atletas non invadan as zonas correspondentes ós circuitos das probas, manteñan en condicións hixiénicas os espazos que ocupen e amosen en todo momento atitudes acordes coa nosa condición de educadores.
- Se algún Centro presentase menos atletas dos establecidos como número mínimo, es@s alumn@s poderán participar individualmente na categoría que corresponda, pero o seu Centro non puntuará como tal na clasificación por equipos.
- As infraccións das normas xerais de conducta deportiva durante o desenvolvemento das probas, así como outros aspectos non recollidos nas presentes normas serán regulados pola normativa da Federación Galega de Atletismo.
- Na categoría de carreira popular dependerá do número de participantes para realizala por separado por sexos ou conxunta.